

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DIANTE DO ESTADO DE ABANDONO QUE PRESENTA A REDE VIARIA MUNICIPAL E A PROLIFERACIÓN DE FOCHANCAS

A portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, conforme ao disposto no Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo e da restante normativa aplicable, formula para o seu debate e eventual aprobación na vindeira sesión correspondente ao mes de abril a seguinte

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado de conservación do firme nas estradas e camiños municipais de Vigo sufriu un deterioro alarmante nos últimos meses froito da falta de planificación, un investimento manifestamente insuficiente e o abandono continuado ao longo dos 18 anos de Goberno de Abel Caballero, que converteu a Vigo na capital das fochancas.

A proliferación das mesmas na nosas vías de rodaxe é xa unha constante que afecta practicamente a todos os barrios e parroquias da nosa cidade, desde o centro urbano ata o rural, con especial gravidade naquelas zonas máis transitadas.

Unha situación que supón un problema real para a seguridade viaria dos usuarios, multiplicando o risco de accidentes e provocando danos materiais nos vehículos particulares, o que se está a traducir nun aluvión de queixas veciñais. De feito, unha de cada catro reclamacións presentadas ante este Concello están directamente relacionadas co mal estado do asfalto, o que supón unha media de cinco queixas diarias.

Vigueses que cada ano pagan ao Concello do seu peto case que 15 millóns de euros en concepto de imposto de rodaxe pero que ven como deses cartos, só 2,5 millóns se destinan ao mantemento da nosa rede viaria.

Aínda peor. En 2025 o Goberno de Abel Caballero só gastou 425.000€ dos 2,9 millóns que tiña consignados para conservación de vías e espazos públicos. E tampouco investiu un só euro dos 7,6 millóns anunciados nun plan extraordinario de renovación de firmes. O que nos leva a pensar que os anuncios das últimas semanas

van volver quedar en papel mollado froito da incapacidade manifesta deste goberno por executar o que orzamentan e prometen.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa discusión e aprobación polo Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS

- 1.- Instar ao Goberno local a incrementar e executar na súa integridade as partidas orzamentarias destinadas ao mantemento e conservación de firmes, pavimentos e outras infraestruturas da nosa rede municipal viaria co obxectivo de achegarnos á media estatal das cidades tanto en gasto por habitante como por quilómetro.
- 2.- Diseñar e executar, de xeito inmediato, un plan de choque de asfaltado e reparación de fochancas que actúe con urxencia nos puntos máis críticos e deteriorados da rede viaria municipal atendendo ás queixas veciñais.
- 3.- Esixir un calendario público e transparente de actuacións por barrios e parroquias, priorizando aquelas zonas que levan máis tempo agardando por unha solución integral do executivo local.

Vigo, 20 de maio 2026



Luisa Sánchez Méndez

**SEÑOR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO**

SOLICITANTE	DNI ou CIF	Nome e apelidos ou razón social					Teléfono 1	Teléfono 2
	36063882C	MARIA LUZ BARCIELA BASTOS					986810142	
	ENDEREZO FISCAL							
	Nome da rúa, praza, etc			Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta
Grupo Mcpal PP. Plaza do Rei			1	-	-	8º	-	36202
Parroquia		Municipio		Provincia				
		Vigo		Pontevedra				

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN								
Nome da rúa, praza, etc			Número	Portal	Escaleira	Piso	Porta	Cód. Postal
Grupo Mcpal PP. Plaza do Rei			1	-	-	8º	-	36202
Parroquia		Municipio		Provincia		Correo electrónico		
		Vigo		Pontevedra		ofi.pp@vigo.org		

REPRESENTANTE (No seu caso)			
DNI ou CIF	Nome e apelidos	Cargo	Teléfono de contacto

SITUACIÓN DO FEITO SOLICITADO (Se procede)

Nº DE EXPEDIENTE RELACIONADO (Se procede)	REFERENCIA CATASTRAL
/	

SOLICITA

Remítese Moción da portavoz do grupo municipal do Partido Popular diante do estado de abandono que representa a rede viaria municipal e a proliferación de fochancas

Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións de aplicación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, dirixirse ao correo dpd.vigo@vigo.org

Documento firmado con "Firma Móbil Segura PIN-SMS"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2026 10:34	Páxina 1 de 2
CSV: AHB3B7-A5DC85-E721C3-8JLC4X-E7GLVM-F7		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA ENTREGADA *

(moci_n_grupo_municipal_pp_diante_do_estado_de_abandono_que_presenta_a_rede_viaria_a_a_proliferaci_n_de_fochancas.pdf). Hash: f0a74a084c00e0f4adda7c8d9406d9d3dca956b7

DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA PENDENTE DE SER ENTREGADA

Documento firmado por NIF: 36063882C - Clave: ZS6P95 (Fecha: 20/05/2026 10:34:46)

* A validez da documentación entregada estará supeditada á posterior comprobación por parte do servizo correspondente.

En cumprimento do artigo 5 da Lei Orgánica de Protección de Datos, que regula o dereito de información na recollida de datos, infórmase aos interesados que os datos persoais solicitados neste formulario son incorporados e tratados nun arquivo automatizado de nome "Expedientes", cuxa finalidade é a xestión dos procedementos administrativos do Concello de Vigo. Vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación dirixíndose á oficina de Información/Registro do Concello de Vigo, onde lle indicarán o procedemento a seguir.

Documento firmado con "Firma Móbil Segura PIN-SMS"



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/05/2026 10:34

Páxina 2 de 2

CSV: AHB3B7-A5DC85-E721C3-8JLC4X-E7GLVM-F7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>